



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

### ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Na casa do Concello do Corgo, ás 10:30 horas do día 1 de febreiro de 2019, reúnese o tribunal cualificador nomeado por Resolución da Alcaldía do 23 de xaneiro de 2019 para cubrir unha praza de auxiliar administrativo da escala de Administración Xeral, formado polos seguintes membros:

**Presidente:** D<sup>a</sup> Ana María Rivas García

**Secretario:** D. Marco A. García-Gabilán Sangil

**1º Vogal:** D<sup>a</sup> Mónica Giménez López

**2º Vogal:** D. Severiano Daniel Vázquez Prado

**3º Vogal:** D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Belén López López

O obxecto da reunión é a constitución do Tribunal, co fin de dar cumprimento ao establecido na devandita Resolución da Alcaldía e na base sexta da convocatoria.

Unha vez constituído, o Tribunal pasa a deliberar as seguintes cuestións: data do primeiro exercicio.

A base sétima da convocatoria establece que o primeiro exercicio realizarase **no prazo máximo de 60 días naturais** desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, **anunciándose con cinco días naturais de antelación**, como mínimo, na páxina web do concello, no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

O Tribunal acorda que o 1º exercicio se celebre o **día 13 de febreiro, mércores, ás 10:30 horas no CEIP do Corgo.**





## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Así mesmo, acórdase fixar as seguintes normas para o desenvolvemento do primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en responder por escrito, nun periodo máximo de tres horas, cinco temas extraídos ao chou, un tema da parte I do programa, dous temas da parte II do programa e dous temas da parte III do programa:

- Os aspirantes, deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno que acredite a súa identidade. En caso contrario, non se admitirá a súa entrada e o tribunal poderá requirir en calquera momento aos aspirantes que acrediten a súa personalidade.
- De conformidade co establecido na base oitava, que establece que se han de contestar cinco temas das distintas partes do temario, o Tribunal non valorará a proba se non se contestan os cinco temas nos que consiste o primeiro exercicio.
- O Tribunal establece o criterio de que para superar o exercicio, débese acadar unha puntuación mínima de aprobado en cada un dos cinco temas.
- Aqueles candidatos que non se atopen presentes no momento do chamamento polos membros do tribunal non serán admitidos para a realización da proba.
- A lectura do exame comezará **o mesmo día da realización da proba escrita, ás 17:00 horas, na sede da Casa do Concello do Corgo**, publicándose na páxina web, no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica a hora e días sucesivos nos que se continuará, se fose o caso, a lectura do exercicio escrito.



Para a debida constancia, asinan tódolos presentes no lugar e data arriba indicados.